

Escrito da Facultade de Xeografía e Historia en defensa do Patrimonio Cultural de Galicia

A Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela expresa con este texto o seu desacordo coa proposta de modificacións introducidas na Lei do Patrimonio Cultural de Galicia, que delega nos concellos a autorización de intervencións en bens catalogados con protección estrutural ou ambiental, eliminando a preceptiva autorización previa da Consellería de Cultura.

Consideramos que esta medida, introducida concretamente no Capítulo IX do proxecto de Lei de medidas fiscais e administrativas agora en tramitación, supón un grave risco para a conservación do noso patrimonio cultural, polas seguintes razóns:

1. Falta de criterios uniformes e dun catálogo actualizado

Galicia carece dun catálogo unificado de bens patrimoniais, o que abre a porta á discrecionalidade na protección e pode xerar unha potencial desigualdade no territorio. Cada concello poderá aplicar interpretacións distintas das normativas, coa consecuencia de limitar severamente á coherencia das políticas de conservación.

2. Insuficiencia de recursos técnicos nos concellos

A maioría das entidades locais, moi limitadas financieramente, non dispoñen de equipos especializados con formación suficiente para avaliar intervencións sobre bens culturais de xeito experto. A delegación de competencias, sen garantir previamente estes recursos, constitúe unha decisión precipitada que pode comprometer a calidade da protección.

3. Impacto negativo sobre bens catalogados pola Xunta como nos Patrimonios da Humanidade

A introdución de usos como cámpings, aparcadoiros ou áreas de autocaravanas, a flexibilización das normas para talas e reformas, supón unha alteración significativa dos valores paisaxísticos e culturais das contornas de protección e zonas de amortecemento. Vai permitir, por exemplo facer moitas máis intervencións a poucos metros do Camiño, pode tamén implicar substanciais modificacións de cara as normativas urbanísticas nos concellos ou de cara ao patrimonio arqueolóxico. Certo tipo de estruturas, como parques eólicos ou iniciativas industriais con alto impacto ambiental, poderán ter un papel prevaente ao considerarse de "interese público superior".

4. Ausencia de mecanismos de control a posteriori

A nova normativa elimina tamén a supervisión técnica da Dirección Xeral de Patrimonio, o que impide de facto avaliar a coherencia das decisións municipais. Deste xeito, quedarán desprotexidos elementos singulares, catalogados e sen catalogar, que requiren estudo experto e análise rigorosa antes de autorizar calquera intervención.

5. Menoscabo do debido tratamento que unha modificación de tal calado merece

Unha reforma de tanto calado nunha lei de patrimonio que non conta con unha década de vida debería ser obxecto dun tratamento individualizado e non baixo o paraugas da tramitación dun proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

Por todo isto, a Facultade de Xeografía e Historia **insta á Xunta de Galicia a reconsiderar esta reforma e a abrir un proceso de diálogo coas institucións académicas, culturais e sociais**. Consideramos que debemos compartir o obxectivo de acadar a máxima calidade na protección do noso patrimonio, mellorando a eficacia dos mecanismos de control e tramitación experta das decisións que se adopten. O que non podemos compartir é que a axilización administrativa sirva como pretexto para comprometer a integridade histórica, artística e paisaxística que nos define como sociedade. **Reclamamos que se suspenda a aplicación dos artigos que afectan directamente ao patrimonio cultural** e/ou solicitar que estas modificacións se discutan dentro dun marco individualizado de análise por parte do Parlamento de Galicia, o que suporía unha importante modificación da Lei do 2016.